

PÁJAROS

Pau Durà, 2024

1267

ESTREA EN NUMAX: 05.04.2024 | V.O. | +12 | 100 min

Colombo traballa nun garaxe 24 horas e complementa o seu mísero soldo trapicheando con marihuana. Mario, un tipo peculiar e ornitólogo afeccionado, aparece inesperadamente e contrátalo de chófer para ir á Costa Brava a ver aves. Pero ao chegar ao seu destino decátase de que as aves variaron o seu rumbo migratorio cara ao delta do Danubio, en Romanía. Mario precisa chegar até alí. E Colombo precisa o diñeiro. Ocultando os seus verdadeiros motivos, emprenden unha viaxe que os vai levar a coñecerse mellor e enfrontarse a si mesmos.

«Unha profunda, madura e conmovedora película sobre o fracaso e a perda»

Toni Vall, CINEMANÍA



Entrevista con Pau Durà: «Os personaxes son como dous nenos perdidos aos que espectador quere desde o primeiro intre»

Por Natalia Eserverri

Como che xorde no guión a idea de falar dos personaxes da túa película?

Empecei polos personaxes. A min o que me interesaba era falar de dous personaxes en oposición que andasen xa polos cincuenta e cunha bagaxe chea de carencias, pequenos fracasos ou soños non cumpridos. Iso está en todas as miñas películas. Tiña moitas ganas de falar disto e logo veu a idea da viaxe. Interesábame que fosen tipos desubicados porque non aceptan o seu lugar na vida. A viaxe permitía o seu propio afastamento para verse con máis perspectiva e ademais era dramaturxicamente interesante como paralelismo da propia vida, cos seus atrancos e solucións. A idea dos paxaros chegou na busca dun elemento naif no cal o mundo enteiro pode parar con tal de observar un paxaro. Era interesante que fosen aves migratorias das que o espectador vai descubrindo aos poucos para que fan esta viaxe tan longa. Eu son actor e por iso as miñas tramas nacen sempre dos personaxes.

Como é a túa evolución como guonista? A base de todo é a historia. Para min é importante que os personaxes avancen a partir das cousas que lles van pasando. Aí é clave facer un bo cásting. Os meus personaxes son perdedores feridos que oscilan todo o tempo entre o drama e a comedia, ás veces na mesma frase. Son como dous nenos perdidos aos que espectador quere desde o primeiro intre.

Atopaches o teu selo persoal como cineasta? Sempre busco a lixeireza ben entendida como oposto á gravidade. Tento non ser pesado. Sáeme unha lixeireza mediterránea. Prefiro a ironía ao cinismo e tento que os meus filmes, ademais de divertir, emocionen.

A música é un personaxe máis. Como descubriches a Magalí Datzira? Estou moi contento do traballo con ela. Son un músico frustrado. A música é moi importante e creo que hai un selo moi claro. Non me gusta a música que invade a escena, quero que acompañe, que sexa escoitada e sentida. E creo que o logramos.

Atópaste un momento feliz da túa carreira? Si, e máis coa acollida que está a ter *Pájaros*, un traballo grande e difícil. As películas requiren un gran traballo e iso cómpre respectalo, guste máis ou menos o resultado final.

Cal vai ser o teu próximo voo? Estou a traballar xa nun novo guión. Desta volta vou codirixir porque me apetece elaborar un dos personaxes e hai un compañeiro entusiasmado co guión que vai se o outro director do filme. É preciso acompañarse. Teño ganas de ouvir alguén ao meu carón e neste caso é alguén con moita experiencia en televisión. O filme vai falar de parellas, vai ser unha comedia urbana ao estilo do Woody Allen dos oitenta ou noventa. Unha comedia sobre parellas que non queren aceptar a madurez, con todo o que iso implica.